

ALMAGOR

SOMANARIO DE INTERESES REGIONALES E LITERATURA

PRECIOS D'A SUSCRUICIÓN

En Lugo 4 mes.	0'40 Ptas.
Fora seis meses.	3
ano	6
Portugal	9
Ultramar	18
Extranxeiro	15
Número solte.	0'15
„ atrasado.	0'25

PUNTOS DE SUSCRUICIÓN

En Lugo: n.º a Administración d' A. MONTENEGRO, calle de Palacio, número 10; baixo, esquerda.
 Para fora pagarase adiantado, en libranza d' o xiro rutuo ou letra de fácil cobro.
 Horas de despacho n.º a Administración: d' once d' a mañá a unha d' a tarde.

AÑO II

LUGO 15 DE FEBREIRO DE 1890

NÚM 20

SUMARIO

Documento curioso (continuación), por Antonio López Ferreiro.--Follas d'un libro, por Amador Montenegro.--Dend'a Corte, por Manuel d'a Cabana.--Chacales e Años (tradución), por A.--Publicacións. Entre comadres, por Pepe d'as Festas.--De todo un pouco.--Españollos.--Administración.--Anuncios.

DOCUMENTO CUREOSO

(Continuación)

O qual disseron que procedía de suas me-
 ras e libres voonades e non so esperanza
 nen confianza de amizade dos ditos seus
 homes boos. A qual dita sentença e julgo
 podesen dar e desam, as partes presentes ou
 non presentes, en dia feriado, ou non fe-
 riado, seendo ou estando a orde e re-
 gla do dereyto agardada ou non agardada.
 Et todo fulgo determinacion, declaracion e
 sentença que os ditos bachilleres homes boos
 sobre ditos ontre o dito cabildo e Garcia Ro-
 driguez desen sobre la dita Razon question-
 de que a Riba faz mencion, o dito vicario e
 cabildo por sy e seus subcesores e o dito Gar-
 cia Rodrigues mercador por sy e en canto a el
 prometian e prometeron, e outorgauan e ou-
 torgaron de estar por todo el o e de non appe-
 llar nen suplicar nen aver sobre elo. Recurso
 a arbidrio de bon varon por via de accion
 ou de exempcion nen implorando o officio
 do juiz sobre elo nen outro Remedio al-
 gun. A qual Reduccion Renunciaron et a ac-
 cion para ela competente ou que compe-
 ter lles podese quanto quer que por la

tal sentença e laudo e mandamento lles
 seja ou for feito enorme ou outro grande
 e grave perjuizio, moderadamente ou sen
 moderacion; Et outrosy prometeron et outor-
 garon de non alegar defecto da jurdicion nen
 defecto de juizes, nen pedir beneficio de Res-
 titygon, antes prometian e prometeron de
 teer conprir e agarda a dita sentença e todo
 o en ela contindo por juramento que sobre lo
 fezo en nome do dito cabildo Fernan de Tou-
 rinao canonigo e procurador do dito cabil-
 do e o dito Garcia Rodrigues por sy en hum
 sinal de cruz que con suas maos dereitas tan-
 geron en lugar dos santos euangelios donde
 quer que eran escriptos e sopena de mil do-
 bras douro da banda que peytasse e pagase
 por pena e nome de interese, qual quer das
 partes que fose ou pasase contra a dita sen-
 tença e cualquier cousa e parte dela a a parte
 que a agardase e comprise.

Sobre que renunciauan e Renuncia-
 ron e partiron de sy e de suas ajudas e
 faoures a todas e quaes quer leys e de-
 reitos en especial a ley que diz que o do-
 lo e decepcion futura non se pode Renun-
 ciar posto que intervenan, e a ley que dize
 que por enorme lesion ou mayz enorme pro-
 ueniente exposito ou ena cousa mesma se
 pode reducir e desatar ou moderar la tal sen-
 tença e laudo e a ley que dez que a o dereyto
 futuro non se pode Renunciar que en con-
 trario delo poderian dezor e alegar e a ley,

que dize que general Renunciacion non valuese cerca do qual todo e cada cousa e parte delo diseron que outorgauan e outorgaron huun contrabto de poder e compromiso, forte e firme qual se podese ordenar por letrados, o qual diseron que querian e quiseron que valuese doje este dia da feita do outorgamento del ata noue dias compridos primeyros seguintes e dando sentença os ditos homes boos dentro de dito termino ou en el que valuese e fose firme e de conprir entre as ditas partes para sempre, et a pena pagada ou non, hua vez ou nays que toda via a dita sentença laudo declaracion ou mandamento que en si deren ou promulgaren et declararen seja en sy firme e valedeyro para todo tempo. Et non dando sentença os ditos homes boos anbos e dous en huun acordo dentro do dito termino ou en el que a salvo e yleso quedase a cada hua das ditas partes sen dereito e no pnto e estado en que agora esta.

Et esto asy feito e pasado os ditos bachilleres homes boos sobre ditos de consentimiento das ditas partes fezeron juramento en maaos do dito licenciado Francisco Rodrigues de Toledo mestrescola o qual lles langondeante a confuson do dito juramento en nũme das ditas partes e eles fezeron e juraron a Deus e as palabras dos santos euangelios donde quer que eran escriptos que non determinasen nen declarasen sentença sobre a dita question salvo por toda via e Rigor de dereyto e non en outra maneyra, senon que Deus lle lo demandare male caramente en este mundo a os corpos e en outro a as almas. Et esto prometian e prometeron de teer e conprir todo asy, e desde agora logo acceptauan e acceptaron o dito compromisso e poder a eles dado, e mandauan e mandaron a as ditas partes que doje a terceyro dia primeyro seguinte presentasen cada hua suas enformagoos e escripturas e verlas yan e farian aquilo que de dereyto dezessen. so protestaçon que se algua parte presentase que con elas determinasen en contumacia da outra parte segun que o avian jurado e prometido.

Este foi e pasou todo asy como dito he ano dia e mes sobreditos, presentes a elo por testigos Fernan Suarez, Pedro de Muros, Loys de Cifontes, Fernan de Fouriãao canõnigos da dita iglèsia e outros. Et eu Alvaro de Castenda notario publico jurado de Santiago por la iglèsia de Santiago a esto que dito he en huun con os ditos testigos presente foy et fiz escriptuir e aqui meu nome e signo puje que tal he en testemoyo de verdade.

Et despoys desto ena bobeda de sobre la

claustra vella do cabildo da dita iglèsia da dita cidade a trinta dias do mes de agosto do sobre dito ano en presença de min o dito notario e testigos ajuso escriptos, os ditos Fernan Peres de Requena e Vasco Martis bachilleres canõnigos e homes boos sobre ditos non presente o dito Garcia Rodrigues nin o procurador do dito cabildo deron e por si mesmos leeron ontre las ditas partes esta sentença que se sigue. — Et nos os bachilleres Fernan Peres de Requena e Vasco Martis canõnigos homes boos sobre ditos ontre partes conuen a saber os venerables señores Vicario e cabildo da hua parte e Garcia Rodrigues mercador da outra, sobre Razon dos francos e libras de torneses que os señores del cabildo han de cada huun ano de aver del Señor Rey de Franga para sua capilla e certos ciriales que estan e arden ante la cabeça del glorioso apostolo Santiago Alfeo de continuo los quales el dicho Garcia Rodrigues Recebio de certos anos pasados e viudeyros sobre que as ditas partes avian question segun a forma e thenor de huun compromisso e poder a nos dado e en el mays compridamente se conten. Et uisto as escripturas e enformagoos que cada hua das partes quiso dar, presentar dizer e alegar para informacion da dita cabsa, O qual todo por nos visto e examinado e por quitar as ditas partes dos ditos pleytos e questioes e tragelos a boa ygoalanga concordia e moderacion e de boa equidad avido sobre todo noso acordo e deliberacion.

Santiago, Febreiro de 1890.

(Concruirá)

FOLLAS DE UN LIBRO

I.

N-o xardin unha noite ¿non recordas?
Falabamol os dous,
Sen qu'o noso parlar interrumpise
O mais leve remor.

«A lua y-as estrelas brilladoras
Envexa nós lles damos»
Recordo que che dixer, miña prenda
D'amores reloucando.

«A lua y-as estrelas brilladoras
Nos temos que envexar»
—Contestáchesme ti—cando morramos
Ind'elas brillarán.

II.

Aparecen as follas y-os albres
D'este xeito de gala vistidos,